

A TERRA, O TEMPO E OS VISITANTES

A don Francisco Fernández Del Riego.

A terra era un principio lacustre e de espeluncas,
de bronce e cereal pacificados,
de pequenas barcas de coiraza,
polo mar ignoto...

- 5 Aquel gran pobo de ferro seguía, coa efixie dos cabalos a proa,
a rota do sol
inmarcesible, fundido e enxendrado pola deusa.
Homes intrépidos foran perdéndose no seu seo,
e por terra adentro...
10 Para estes quedaban poboables as gádaras de acivro,
os cons e as colinas rapaces.
Conformaron pois no cerebro e á imitanza daquel
unha pedra de rodicio
e remoeran a espiga da brétema e da noite seculares,
15 agardaron o regreso nas marés.
—Serpes e falcónidos cativos deixados ó seu mester de terra—

- Os soldados da grande aguia imperial asomaban sobre picoutos e
e chairas,
a sur e a leste,
20 e atravesaban soberbos sobre as pontes do esquezo,
galgaban sobre a terra solemne
na procura do estaño, do estar e do esteo dos fillos do sol.
Desritualizaron bosques comunais e gagros, fontes claras
de augua e óseas penedías; confundiron os camiños e o destino.
25 Fundiron o alferrón ata o fondo da alma magoada
que se batiu con força e honra,
fixo fronte, no outeiro central e agreste, con muradellas, pedra
foliácea e cascabello... Co teixo escuro, lib'rador.
Foron sempre, desde entón, corpúsculos os da espera,
30 vellice e nenez traspasadas. A fin, xa de por sempre,
das libres aras paganas.

- Outros viaxeiros, visitantes,
abalaron nas marés,
pero os más trocaron espadas por arado e estableceron reino e moradía.
35 Púidose dese modo abri-las curtíñas, pór pexas e moas de moer
ás augas, traballa-los clareiros do bosque
saudoso e augural,
gobernado polo centro
crucificado da aldea.

40 E daquela encrucillada, daquela noite milenaria,
 agromaron luminarias sobre os campos
 e por vez primeira volveu se-lo tempo para o baile, o amor e a crianza.
 Para cánticos coma manantios, cervos bravos e ermidas.
 Pero estaba claro, case escrito, que era un paso de río
45 onde perdermos pé e ser arrastrados pola historia.
 E por iso sempre amámo-las illas do verao e as sereas.

Porque outra vez a leste xurdii dos vinculeiros do po
o empeño da conquista, nada da envexa e da cobiza.
Pero desta vez abondou pasar a tantos homes preclaros
50 coma dedos teñen estas maos para creba-la resistencia,
 xa que o máis do pobo estaba cego de terra,
 vestindo farrapos ou sudarios mesmamente;
 roendo a coda da boroa irmandiña e fusquenlla.

Houbo, serodiamente, unha luz ilustre e grave
55 que alumou sobre o infortunio
 e incidiu nas entrañas da sinrazón.
 E volveron saír abrollos das escorias do mundo antigo,
 nobre peito, testas coma faros e fachos escintilantes...
 E escribironse textos legais e cincellos ó amor dos candiles
60 falando de saudades vellas coma o mundo.
 Concebiron sementando na grisalla ou no barruzo a xusta esp'ranza
 necesaria, e os fouciños, mesmo os corvos, o regueiro

tatexante

de negras sombras,
65 despedían alustres na tebra.

Cando de novo, (e a leste maiormente), dous lobos confrontados
chamaron pola noite, que resultou pétreas e longa,
e tinguiro foxos e cunetas dun raro roibén.
Temesiñamente, nesta patria, lembrouse o recorrente Camiño das Estrelas
70 --co estigma da diáspora e o exilio--
 e fixose unha luz breve, emprendedora, aquí e acolá,
 en corazóns mozos guiares,
 e coa fin dos dous milenios todo de novo comezaba.

Abríanse sendeiros múltiples e rotas benignas,
75 con que poder abraza-lo mundo,
 para os últimos Fillos do Sol.

ROI

(Nota).- Esta composición foi elaborada seguindo o esquema teórico da obra de don Ramón Otero Pedrayo Ensaio histórico sobre a cultura galega.